

AVALIACIÓN INICIAL – 2º ESO**Nome e apelidos:** _____**1.** Rodea cun círculo a palabra correcta en cada unha destas parellas:

ola - hola

por favor – por fabor

oxe - hoxe

hirmán – irmán

avoa – aboa

silla –cadeira

coello – conexo

saia – falda

ajua – auga

2. Sinala que tipo de palabra (substantivo, adxectivo, verbo, determinante, preposición, adverbio, pronome...) é cada unha das que aparece no seguinte enunciado:*Dende a tarde de onte o misterio da fosa atlántica xa non existe.***3.**

- Escribe un sinónimo de:

aperta >

ledicia >

agardar >

fácil >

- Escribe un antónimo de:

frío >

enfermo >

perder >

inicio >

4. Escribe as letras do alfabeto galego:**5.** Divide en sílabas as seguintes palabras e indica cal é a sílaba tónica:

científico >

meigallo >

cadea >

lúgubre >

corredoira >

instinto >

sobrenatural >

axóuxere >

raíña >

6. Separa o SUXEITO (S) e o PREDICADO (P) das seguintes oracións:

- A miña irmá ten sete anos.
- Martiña tivo moitos regalos no seu aniversario.
- Nas tardes de inverno sempre tomamos un chocolate na casa da avoa.

7. Explica nunha soa oración o suceso que se describe no seguinte texto:

Pedro Pérez Pérez, veciño do Porriño de 45 anos de idade, foi atropelado onte na estrada nacional 120 de Logroño a Vigo, parece que por irromper bruscamente na calzada. Como consecuencia do impacto, a vítima faleceu. O equipo de atestados da Garda Civil, encargado de investigar o caso, busca un automóbil branco, probablemente un modelo Renault-5, que despois de golpear o peón se deu á fuga en dirección a Ourense.

8. Indica a que xénero literario pertence cada un destes textos:

EU SON...

TEXTO 1

Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesar do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés.

Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*.

TEXTO 2

As escenas pasan na grande sala de recibimento da Raíña Nai. Moitísimos espellos. A raíña non para queda e vai alporizada dun lado a outro dándolle ao abano.

RAÍÑA NAI: (*Chamando*) Adhela... Adhela...

ADHELALA: (*Moi modosiña*) Maxestade...

RAÍÑA NAI: ¿Que anda a facer o meu neno?

ADHELALA: Arrancando cedros milenarios e empurrando inmensos peñascos.

Eduardo Blanco Amor, *Romance de Micomicón e Adhelala*.

TEXTO 3

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amstras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

Rosalía de Castro, *Follas novas*.

9. Investiga:

- A que autor/a se lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas?
- Por que se celebra o Día das Letras Galegas o 17 de maio?
- Desde cando se celebra ese día?